

ROSETTA

Jean-Pierre Dardenne / Luc Dardenne, 1999

1521

ESTREA EN NUMAX: 10.05.2025 | V.O.S.E. | 99 min

Rosetta é unha moza de 17 anos que vive nunha caravana coa súa nai alcólica e o único que desexa é atopar un traballo digno. Con esta proxección queremos homenaxear a recentemente falecida Emilie Dequenne (1981-2025).

«Séntela no teu sistema nervioso antes de ter mesmo a oportunidade de reflexionar sobre ela. Fai que outros filmes 'realistas' parezan escapismo visual»

Jonathan Rosenbaum, CHICAGO READER



Fisicidade e conto moral

Por Horacio Bernades

A gañadora da Palma de Ouro en Cannes 1999 dá a sensación de transcorrer nun eterno presente que, bo é aclaralo, xamais se estabiliza, xamais se consolida, xamais é igual a si mesmo. Ese carácter queda in mellorablemente definido na secuencia inicial, pouco menos que lendaria. Unha moza atravesa, a velocidade maratónica, os corredores dunha fábrica. Parece empurrada pola cámara, que a segue con extrema ansiedade. É interceptada por unha autoridade, ten unha discusión, reclama que lle dean o posto, argumentan que non é posible, pelexa, cospe, bótana. De alí en máis, Rosetta (enorme Emilie Dequenne, mellor actriz en Cannes) seguirá buscando emprego. Pelexa coa súa nai, con distintos empregadores, co administrador do cámping no que ela e a nai teñen instalada a súa casa rodante, co empregado dunha venda de waffles que lle conseguiu un posto pouco duradeiro.

Cara ao remate vemos a Rosetta por primeira vez fixa, perplexa, talvez a piques de pedir perdón. Xamais se saberá se é así. Para os Dardenne a realidade é un exceso. Excede ao cinema, á xente, a toda posibilidade de comprensión definitiva. Ao ver *Rosetta* podería dicirse que, para os irmáns, o cinema é, antes que unha arma de coñecemento, unha de descoñecemento. O espectador descoñece por que non lle dan a Rosetta o que pide. Descoñece que pasou co seu pai, protagonista dun fóra de campo extremo. Descoñece se a moza ten ou tivo vida sexual. “Non bailo”, dille a Riquet cando a convida.

O espectador descoñece, tamén, se as dores de estómago que fan retorcer á moza son produto da tensión, dunha enfermidade ou ata, por que non, dun embarazo. Descoñece se o secador de pelo que pasa sobre o bandullo é un método de cura caseira, a ferramenta coa que se fai dano ou a orixe das súas dores. Descoñece por que Rosetta está a piques de deixar morrer a alguén, aínda que certa traizón posterior talvez axude a explicalo. Por un paradoxo esencial á súa arte, a cámara dos Dardenne, que é o seu ollo e o do espectador –e que leva, como en todas as súas películas, o extraordinario Alain Marcoen– fai, con todo, o imposible por coñecer. Aínda que sexa por coñecer ese centro do mundo que para ela é a protagonista. Por iso corre durante toda a película tras Rosetta.

Rosetta corre para conseguir emprego, para cargar coa súa nai alcólica, para frear o administrador, para visitar os agochos nos que garda cousas aparentemente sen valor, como os zapatos que cambia por botas de traballo. Agochos: hai algo animal en Rosetta. Algo de besta de carga, notorio cando levanta unha bolsa de varios quilos de fariña ou unha garrafa. Algo como de lebre que escapa do cazador, como o confirma un comentario ao paso. “Ollo que hai un raposo por aí”, advértelle nun momento o administrador do cámping, coma se fose ela a que corre perigo. Desde xa que, como todas as películas dos irmáns e máis que ningunha outra, *Rosetta* combina a fisicidade máis extrema co conto moral, a partir do momento en que a rapariga comete un acto abominable.

Abominable, pero –isto é esencial– non irreparable. Nada é irreparable, nada é para sempre no cinema dos Dardenne. De aí que nas súas películas a palabra “moral” non estea asociada cunha condena senón cunha posible elección, unha opción, un desafío. Consecuente con ese carácter non definitivo, *Rosetta* remata inconclusa, cortada, aberta para sempre. Isto debe ser entendido tanto en sentido concreto como, sobre todo, en sentido moral, para usar un termo que, en plena posmodernidade, os Dardenne lograron resignificar talvez como ninguén.